2021_CCP_01_000055	ASOC. DE SEMANA SANTA DE BURELA	G 27****27	BURELA	O CONCEPTO DE SOLICITUDE CORRESPONDERÍA Á LÍNEA DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL. DENTRO DA LÍNEA DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NON SE SUBVENCIONAN PROXECTOS DE CARÁCTER RELIXOSO.
2021_PES_03_014752	ASOC DE VECIÑOS DE VILAMEÁ	G 27****35	PONTENOVA,A	O OBXECTO DA SUBVENCIÓN SOLICITADA NON SE CONSIDERA GASTO SUBVENCIONABLE.
2021_CCP_01_000043	ASOC CULTURAL DE GAITEIROS OS VALUROS DE CASTRO DE REY	G 27****16	CASTRO DE REI	A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA NON SUBSANA O REQUERIMENTO DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_PES_03_014680	ASOC CULTURAL AMIGOS DA PANDEIRETA	G 27****96	MONFORTE	A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA NON SUBSANA O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_PES_03_014810	ASOC. DE VECIÑOS NOSOS POBOS DE DOADE	G 27****77	SOBER	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021.

2021_CCP_01_000086	ASOC SOCIEDADE CULTURAL A RULA	G 01****68	FOZ	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000082	ASOC CULTURAL FOLIADA DE BOSENDE	G 27****78	LUGO	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000092	TANQUE DE ZINC	G 27****35	LUGO	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000105	ASOC. FANTO FANTINI	G 27****72	BURELA	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000116	ASOC LUCUS ENSEMBLE PARA A DIFUSIÓN DA MÚSICA DE CÁMARA	G 27****44	LUGO	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000118	ASOC AMIGOS DAS VIAXES	G 27****44	FOZ	A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA NON SUBSANA O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021

2021_CCP_01_000124	ASOC CULTURAL TEATREIRAS	G 27****89	MONFORTE	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000142	ASOC VECINOS DE VILACHA	G 27****56	POBRA DO BROLLÓN	O OBXECTO POLO QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN NON É UN GASTO SUBVENCIONABLE SEGUNDO O PUNTO 1 DAS BASES DA CONVOCATORIA
2021_CCP_01_000141	ASOC ANPA CEIP O SALVADOR	G 27****32	PASTORIZA, A	A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA NON SUBSANA O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_PES_03_014970	ASOC VECINAL INSUA ZOQUEIRA	G 27****58	VILALBA	O OBXECTO DA SUBVENCIÓN SOLICITADA NON SE CONSIDERA GASTO SUBVENCIONABLE POR ESTA LÍNEA DE AXUDAS
2021_CCP_01_000152	ASOCIACION CULTURAL OS GORRIOS	G 27****45	SARRIA	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000163	ASOC SER	G 27****11	NAVIA DE SUARNA	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021

2021_CCP_01_000134	APA DEL INSTITUTO DE ENSEÑANZA SECUNDARIA O PERDOURO DE BURELA	G 27****29	BURELA	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000137	A. CULTURAL- VECIÑAL A RIGUEIRA	G 27****27	PASTORIZA, A	A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA NON SUBSANA O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000098	ANPA CEIP ALVARO CUNQUEIRO MORA CHINCHAOLLO	G 16****55	MONDOÑEDO	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000094	ASOC DE VECIÑOS SOCIOCULTURAL E MEDIOAMBIENTAL"SAN PEDRO FIZ DA CAZOLGA	G 27****64	LOURENZÁ	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA CADA ENTIDADE PODERA FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE (OU POR INVESTIMENTOS OU POR EQUIPAMENTOS)
2021_PES_03_014911	ASOC DE VECINOS DE ROUPAR	G 27****98	XERMADE	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021

2021_CCP_01_000109	ASOC PALIMOCO TEATRO	G 27****53	LUGO	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000133	ASOC CULTURAL AMIGOS DO FOLION	G 27****38	CHANTADA	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_PES_03_014923	ASOC FESTEIXEIRO DE PIAS	G 27****81	LUGO	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000114	ASOC CULTURAL CANTIGAS E FRORES	G 27****18	LUGO	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000150	ASOC PRESTADORA DE SERVICIOS A XUVENTUDE SAGRADO CORAZON	G 27****34	LUGO	A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA NON SUBSANA O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000149	ASOC. VECINOS OS FANAGUEIROS DE EIREXALBA	G 27****45	INCIO,O	O OBXECTO POLO QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN NON ENTRA DENTRO DESTA LÍNEA DE AXUDAS

2021_CCP_01_000147	ASOC PARA A DEFENSA ECOLOXICA DE GALIZA	G 15****11	LUGO	A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA NON SUBSANA O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000166	AA VV SAN MARTIÑO DE LOUREIRO	G 27****58	SARRIA	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000162	ASOC DE MUSICA CREATIVA	G 27****28	LUGO	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_PES_03_014977	XERMOLOS	G 27****85	GUITIRIZ	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000157	ASOC ARRINCADEIRA	G 27****10	RIORTORTO	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000174	ASOC DE NAIS E PAIS AS FAIAS DO CEIP VIRXE DO CORPIÑO	G 27****48	BEGONTE	A DOCUMENTACIÓN REQUERIDA POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE 4 DE AGOSTO DE 2021 FOI PRESENTADA FORA DE PRAZO.

2021_CCP_01_000172	ASOC SEMENTE DE LUGO	G 27****20	LUGO	ADOCUMENTACIÓN PRESENTADA NON SUBSANA O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000170	ASOC ATENEO MUSICAL DE CHANTADA	G 01****79	CHANTADA	A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA NON SUBSANA O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000181	A.C. E DE VECIÑOS CASTRO CELTA	G 27****83	TABOADA	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000182	ASOC CULTURAL OS XOGRARES DE LEMOS	G 27****80	MONFORTE	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000190	ASOC CULTURAL ARGALLEIRAS TEATRO	G 27****61	CHANTADA	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
2021_CCP_01_000187	LA UNION DE SARRIA	G 27****23	SARRIA	NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2021.

2021_CCP_01_000184	ASOC. DE VECINOS DE CABREIROS	G 27****63	XERMADE	A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA NON SUBSANA O REQUERIMENTO PRESENTADA O CON DATA 4 DE AGOSTO DE 2021
--------------------	-------------------------------	------------	---------	-------------------------------------------------------------------------------------------------

Ao abeiro do previsto na base 10 Acordos de resolución e comunicación/notificacións das Bases da convocatoria e do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o acordo de resolución definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.org>. O que se notifica aos efectos oportunos.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co previsto na base 17 Réxime de recursos das Bases da convocatoria, e do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 17 de decembro de 2021.-O Presidente, P.D. Decreto de data 26-07-2019, O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón. A Secretaria Xeral, M^a Esther Álvarez Martínez.

R. 3618

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

Habendo quedado aprobado definitivamente o Orzamento municipal para o exercicio económico de 2021, segundo o acordo adoptado na sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 24 de novembro do 2021, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de UN MILLON TRESCENTOS SESENTA E CINCO MIL SEISCENTOS CORENTA E CINCO EUROS CON TRINTA E NOVE CENTIMOS (1.365.645,39 €), correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

<u>Capítulo.</u>	<u>Importe</u>
A) OPERACIÓN CORRENTES:	
1.- GASTOS DE PERSOAL	769.245,39
2.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	473.701,00
3.- GASTOS FINANCIEROS	5.500,00
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	75.200,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	1.323.646,39
OPERACIÓNS DE CAPITAL:	

6.- INVERSIÓN REAIS	41.999,00
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8.- ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	41.999,00
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	1.365.645,39

ESTADO DE INGRESOS

<u>Capítulo</u>	<u>Importe</u>
A) OPERACIÓN CORRENTES:	
1.- IMPOSTOS DIRECTOS	291.700,00
2.- IMPOSTOS INDIRECTOS	15.702,00
3.- TAXAS E OUTROS INGRESOS	204.124,45
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	844.118,94
5.- INGRESOS PATRIMONIAIS	10.000,00
TOTAL OPERACIÓN CORRENTES	1.365.645,39
B) OPERACIÓN DE CAPITAL	
6.- ENAXENACIÓN DE INVERSIÓN REAIS	0,00
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8.-ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	0,00
TOTAL ORZAMENTOS DE INGRESOS	1.365.645,39

Na referida sesión tamén se acordou aprobar o plantel de persoal desta Corporación para o exercicio 2021, que, de acordo co preceptuado no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducése a continuación:

A) FUNCIONARIOS

Denominación	Nº	Grupo	Escala	Subescala	C.D.	Situación
Secretario-Interventor	1	A1/A2	H. Nacional	Secreta.-Interv.	24	O
Técnico de gestión de Administración General	1	A2	Adm. General	Gestión	16	O
Trabajadora social	1	A2	Adm. Especial	Técnica	16	O
Auxiliar administrativo	1	C2	Adm. General	Auxiliar	13	O
Operario conductor	1	C2	Adm. Especial	Serv. Especiales	14	O
Ayudante de servicios múltiples	1	E	Adm. Especial	Serv. Especiales	11	O
Alguacil-Celador de obras y servicios	1	E	Adm. Especial	Adm. Especial	11	O

B) PERSONAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	Nº de Plazas
Servicio de Limpieza	2
Cuidador Albergue	1
Encargado Centro Interpretación	1
Auxiliar de Ayuda a domicilio	19
Peón forestal (Aprox Rural)	1
Operario de desbroces	1
Personal programa “ Fomento de Emprego” Plan único Deputación Provincial de Lugo 2020(dous/as peóns, un/ha conductor de maquinaria e un/ha auxiliar administrativo/a).	4

Contra a aprobación definitiva do orzamento, de conformidade co disposto no artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses que se computarán desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Baleira, 22 de decembro do 2021.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 3647

FOLGOSO DO COUREL*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 17 de decembro de 2021 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de novembro de 2021.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 17 de decembro de 2021.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 3619

LUGO*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 9 de decembro de 2021 adoptou, entre outros, o acordo 9/773 **NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA DESEMPEÑAR AS PRAZAS DE POLICÍA LOCAL, GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO C; SUBGRUPO C1; ESCALA, BÁSICA; CATEGORÍA, POLICÍA**, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

PRIMEIRO.- Nomear a Jordán Codesal Cruz, DNI ***2351**, Santiago Vieites Hermida, DNI ***1552**, Carlos Alberto Alonso Moreira, DNI ***1144**, Pablo Viñas Aria, DNI ***0458** e Joaquín Díaz Ramos, DNI ***6710**, como funcionarios de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar as prazas de policía local, grupo de titulación: grupo C; subgrupo C1; escala; básica; categoría, policía.

SEGUNDO.- Notificarlles o acordado ós interesados, coa advertencia que deberán tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

TERCEIRO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación do presente acordo.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación do presente acordo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 17 de decembro de 2021.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 3620

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA POLA UTILIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL E DEMAIS INSTALACIÓNS ANEXAS NOVEMBRO 2021 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 13.12.2021 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de novembro 2021.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 17.12.2021 ata o 17.02.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 17 de decembro de 2021.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 3621

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA NOVEMBRO 2021 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 13.12.2021 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia mes de novembro de 2021.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 27.12.2021 ata o 28.02.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 17 de decembro de 2021.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 3622

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 1FRACCION COTA TRIMESTRAL CURSO 2021-2022

Por Xunta de Goberno Local do día 13.12.2021 aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio Primeira Fracción Cota Trimestral curso 2021 -2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 27.12.2021 ata o 28.02.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 17 de decembro de 2021.- O alcalde presidente, José Tomé Roca.

R. 3623

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA NOVEMBRO 2021.

Por Xunta de Goberno Local do día 13.12.2021 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de novembro de 2021.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 27.12.2021 ata o 28.02.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 17 de decembro de 2021.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 3624

MURAS

Anuncio

BASES DE SELECCIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE EDUCADOR/A SOCIAL COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, CORRESPONDENTE Á OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DO ANO 2021, E A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

1ª.- Obxecto.

É obxecto das presentes bases a regulación do proceso selectivo, a través do procedemento de concurso-oposición libre, para a cobertura en propiedade dunha praza de persoal funcionario de carreira de educador/a social, correspondente ao Grupo A, Subgrupo A2, escala de Administración Especial, Subescala Técnica, incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Muras do ano 2021 (DOG nº 215, do 9/11/2021).

Igualmente é obxecto da presente convocatoria a creación dunha bolsa de emprego para proceder á provisión temporal de prazas de educador/a social mediante o nomeamento de funcionarios/as interinos/as de Escala de Administración Especial, Subescala Técnica ou de persoal laboral, polos motivos sinalados no artigo 10. 1 a) b) c) e d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do estatuto básico do empregado público, e no artigo 23.2, apartados a), b), c), e d) da lei 2/2015, do emprego público de Galicia (para a existencia de postos vacantes que non se poidan cubrir con funcionarios de carreira, para a substitución temporal dos titulares ou eventualmente dos seus substitutos, en tanto en canto non se reincorporen á súa praza, ou para a execución de programas de carácter temporal e o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses).

2ª.- Funcións da praza e retribucións.

As funcións a desenvolver polo/a funcionario/a de carreira serán as establecidas na Relación de Postos de Traballo do Concello de Muras para o posto de Educador/a social.

O aspirante seleccionado percibirá as retribucións básicas correspondentes ao subgrupo A2 que se determinen legalmente, e as retribucións complementarias previstas para o posto na Relación de Postos de Traballo do Concello de Muras ao posto que proceda a ocupar (nivel de complemento de destino 16, complemento específico de 6.043,87 €).

Polo que respecta aos funcionarios interinos ou persoal laboral temporal nomeados a partir da bolsa de emprego, en tanto en canto o/a educador/a social preste os seus servizos ocupando un posto que non se poida cubrir por un funcionario de carreira ou en substitución do titular da praza, desenvolverá as funcións establecidas para o posto na Relación de Postos de Traballo do Concello. No caso de que o chamamento se leve a cabo a fin de executar programas de carácter temporal, as funcións serán as que se deriven de ditos programas, e no caso de ser chamado por exceso ou acumulación de tarefas, desenvolverá ás funcións e tarefas que se concreten na resolución de chamamento.

O aspirante seleccionado percibirá as retribucións básicas correspondentes ao subgrupo A2 que se determinen legalmente, e as retribucións complementarias iguais ao posto que proceda a ocupar. Nos supostos do chamamento para a execución de programas de carácter temporal ou por exceso ou acumulación de tarefas as retribucións complementarias serán as do posto mais semellante concretaranse na resolución de chamamento.

3ª.- Sistema selectivo.

Consonte ao disposto no artigo 61.6 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), así como consonte ao previsto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Muras e na Oferta de Emprego Público do Concello para o ano 2021, antes referida, o sistema de selección será o de concurso-oposición libre, que se desenvolverá de acordo coas disposicións previstas no TREBEP, na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos ós que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local. E na ademáis normativa que resulte de aplicación.

4ª.- Requisitos dos aspirantes.

Serán requisitos mínimos dos aspirantes ao proceso selectivo, en aplicación do artigo 56 do TREBEP, os seguintes:

- Nacionalidade. Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público.
- Idade: Ter cumpridos 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Capacidade funcional: Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do posto ofertado. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase perante a correspondente certificación.
- Habilitación: Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial,

cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do menor, non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

e) Compatibilidade: Non estar incurso en causas de incompatibilidade, de conformidade co establecido na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

f) Titulación: Estar en posesión de título universitario de Diplomado ou Graduado en Educación Social, ou estar habilitado/a como educador social polo Colexio de Educadores Sociais de Galicia pola vía do artigo 3 e/ou a Disposición Transitoria 2ª da Lei 1/2001, de 22 de xaneiro, de Creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia, ou en condicións de obter o mentado título na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

g) Carné de conducir: Dado que entre as tarefas ou funcións atribuídas ao posto de Educador/a Familiar, segundo a Relación de Postos de Traballo do concello de Muras, se inclúe a realización de visitas domiciliarias e realizar seguimento de casos, os/as aspirantes deberán estar en posesión de carné de conducir B1.

Os requisitos para concorrer ao procedemento selectivo están referidos ao último día de presentación de instancias. Xa que logo, os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria. Do contrario, quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación da mesma.

5ª.- Presentación de solicitudes.

1. Para tomar parte no procedemento de selección. as persoas interesadas deberán solicitar, no prazo e lugares sinalados no punto 5 desta base 5ª, a súa participación mediante da instancia que se recolle no Anexo II ás presentes Bases, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello.

Xunto coa solicitude achegaranse os seguintes documentos:

a) Fotocopia do D.N.I ou documento equivalente.

b) Pago da taxa polo dereito de examen por importe de 6,00€ (excepto desempregados, previa xustificación), na seguinte conta do Concello, especificando no ingreso o nome e apelidos do participante, así como a praza á que aspira.

CAIXA RURAL GALEGA: ES71-3070-0021-7763-0726-2821

c) Copia do CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para aqueles aspirantes que desexen ser eximidos da realización da cuarta proba da oposición, relativa ao coñecemento do idioma galego.

d) Copia do carnet de conducir B1.

e) Copia dos certificados, acreditacións e/ou diplomas que acrediten os méritos que o/a aspirante alegue como mérito valorable na fase de concurso, segundo o disposto na Base 9.

2. A documentación a que se refiren os apartados anteriores poderá ser presentada en copia simple dos documentos orixinais. Non obstante, e consonte ao disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, o Concello de Muras, no suposto de considerar que existen dúbidas derivadas da calidade das copias que se aporten, poderá solicitar o cotexo das mesmas, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

En calquera caso, os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose o Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

3. Os aspirantes con discapacidade poderán solicitar a adopción das específicas de adaptación e axuste de tempo e medios que consideren oportunas para participar nas probas selectivas en condicións de igualdade. A tal fin farán constar na solicitude o seu tipo de discapacidade e as posibles adaptacións que precisen para participar nas probas selectivas.

4. O prazo para a presentación de instancias, presencialmente no rexistro xeral do Concello de Muras ou por medios telemáticos na Sede Electrónica do mesmo, ou perante calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, será de VINTE (20) DÍAS NATURAIS contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE, anuncio que en calquera caso será temporalmente posterior á publicación das presentes bases reguladoras no BOP de Lugo e do anuncio da convocatoria no DOGA. Se o derradeiro día fose inhábil, o prazo rematará ao seguinte día hábil.

No caso de que se remita a documentación por correo postal ou mediante presentación no rexistro doutra Administración que careza de Sistema de Intercambio de Rexistros (SIR), os aspirantes deberán facelo constar mediante a remisión por fax ao Concello de Muras (número de Fax: 982500063) da instancia presentada conforme ao modelo do Anexo II das presentes bases, na cal conste o selo coa data de presentación, debendo ser recibido o antedito fax antes da finalización do prazo para presentación de instancias.

6ª.- Publicidade.

As bases do presente proceso selectivo publicaranse integramente no taboleiro electrónico de anuncios do Concello (<https://muras.sedelectronica.gal>), así como no BOP de Lugo. Igualmente quedará a dispor de quen as solicite para o seu exame unha copia das mesmas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello. Publicarase asimesmo un anuncio da convocatoria do proceso selectivo no BOP de Lugo e no taboleiro electrónico de anuncios do Concello. A convocatoria poderá ser simultánea á aprobación das bases de selección. Procederase igualmente a publicar un anuncio da convocatoria no DOGA e no BOE.

Os resultados das probas, as convocatorias de exames, citacións e emprazamentos aos aspirantes, así como calquera actuación do tribunal cualificador, publicaranse unicamente a través do taboleiro electrónico de anuncios do concello (<https://muras.sedelectronica.gal>), medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1. b) da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, salvo que as presentes bases dispoñan expresamente o contrario. Non obstante, o Concello, se o estima oportuno, poderá utilizar ademais outros medios de publicación ou comunicación.

7ª.- Admisión de aspirantes.

Logo de rematar o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución, contendo:

1. A lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos con expresión dos motivos da exclusión.
2. A designación do tribunal cualificador.
3. O lugar e data da realización da primeira proba.

Dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello (<https://muras.sedelectronica.gal>) e no Boletín Oficial da Provincia, e perante a mesma procederase a conceder un prazo de 10 días naturais, contados desde o día seguinte á publicación da mesma no BOP, para que os interesados que o consideren oportuno procedan a subsanar as deficiencias ou a presentar as alegacións que estimen oportunas a respecto do contido da citada lista provisional de admitidos.

No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacións contra a lista provisional, ou non houbera ningún aspirante excluído, entenderase a mesma como definitiva.

As subsanacións referiranse exclusivamente á documentación aportada polos aspirantes con data anterior á finalización do prazo para a presentación de solicitudes contemplado no punto 5.5 das presentes bases. No caso concreto das taxas, so caberá a subsanación no caso de ter realizado o ingreso durante o citado prazo de presentación de instancias e non ter aportado o xustificante de telo realizado.

En calquera caso, deberá mediar como mínimo un prazo de 48 horas entre a publicación da resolución na que se fixe o lugar e data de realización da primeira proba e a realización da mesma.

No suposto de que se presentasen alegacións ou subsanacións contra a resolución de aprobación da lista provisional, procederase a ditar nova resolución, pola que se aprobará a lista definitiva, que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios municipal e no BOP.

8ª.- Tribunal cualificador.

Consonte ao disposto nos artigos 55 e 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), no Real Decreto 896/1991, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que teñen que axustarse os procedementos de selección dos funcionarios na administración local, e no artigo 11 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, o tribunal estará integrado por un Presidente/a e tres vocais, con voz e voto, e polo Secretario/a da Corporación, que actuará como secretario do tribunal con voz e sen voto, así como os seus correspondentes suplentes, debendo ser todos/as funcionarios de igual ou superior nivel de titulación á esixida para o ingreso na praza convocada.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte deste, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, notificando tal feito á autoridade convocante, ou cando tiveran realizado tarefas de preparación a probas selectivas semellantes á aquí convocada nos cinco anos anteriores á publicación da presente convocatoria.

Os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

Para a válida constitución do tribunal terán que estar presentes o presidente/a e secretario/a ou persoas que legalmente as substitúan e dous dos vocais. De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de

outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia.

